



ADMINISTRACIÓN  
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN  
DE XUSTIZA

PROCURADOR: IGNACIO PARDO DE VERA LOPEZ  
FECHA RECEPCION: 14-07-2016  
FECHA NOTIFICACION: 14-07-2016  
FINE PLAZO/TERMINO:  
(n/ref: 000D3/7) Art. 151.2 L.E.C.

**- A CORUÑA**

N.I.G:  
Procedimiento: /  
Sobre  
De D/ña.  
Abogado:  
Procurador:  
Contra D/ña.  
Abogado:  
Procurador:

D./D<sup>a</sup> ENRIQUETA ROEL PENAS, Letrado/a da Administración de Xustiza do T.S.X. Galicia CON/AD/ SEC.3, dos de A CORUÑA

**FAGO CONSTAR:** Que nos autos de PROCEDEMENTO ORDINARIO num. 7220/2012 recaeu, do teor literal seguinte:

SENTENCIA:

**PROCEDIMIENTO: PROCEDIMIENTO ORDINARIO 7220/2012**

**RECURRENTE: A.A.**

**Procurador: JOSE LUIS CASTILLO VILLACAMPA**

**Letrado: JOSEFINA BARROS RIVEIRO**

**DEMANDADA: CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS; CONCELLO DE VIGO**

**Procurador: IGNACIO PARDO DE VERA LOPEZ**

**Letrado: LETRADO DE LA XUNTA DE GALICIA; XESUS M. COSTAS ABREU**

**SENTENZA**

**Ilmo. Sr. Presidente:**

Francisco Javier Cambon Garcia

**Ilmos. Sres. Maxistrados :**

Juan Bautista Quintas Rodriguez

Luís Villares Naveira (Relator)

A Coruña, 13 de xullo de 2016.

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**Primeiro-. Actividade administrativa impugnada. Posicións das partes.**



A parte recorrente presenta unha demanda ante a Sala, que é adxudada a esta Sección, sendo designado Maxistrado Relator Luís Villares Naveira.

ADMINISTRACIÓN  
DE JUSTICIA

A demandante impugna a resolución da Consellería de Medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia de data 7/2/2012, que rexeita en reposición o recurso presentado contra a resolución de data 16/7/2010, aprobatoria da expropiación forzosa de bens e dereitos en relación á parcela nº 338, para a execución do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Novo Hospital de Vigo, con Expediente nº 139/11.

ADMINISTRACIÓN  
DE JUSTIZIA

Os argumentos en que se fundamenta o escrito da parte demandante son os seguintes: Existe unha diferenza de superficie entre a expropiada realmente e a que di a administración que ocupou, que debe ser indemnizada.

A demandada oponse ás pretensións actoras polos seguintes motivos: a decisión administrativa é correcta, porque as medicións son prevalentes sobre os títulos. O concello de Vigo alega que a impugnación está mal tramitada porque realmente non esgotaba a vía administrativa, e subsidiariamente rexeita polos mesmos motivos cá administración autonómica.

### **Segundo-. Tramitación procesual. Proba practicada e contía do procedemento.**

Admitida a trámite a demanda e deducida polos trámites do procedemento ordinario, sen máis práctica de proba que a documental que obra en autos.

A contía do procedemento fixouse en indeterminada.

### **Terceiro-. Feitos probados.**

Resultou probado neste procedemento que: a superficie expropiada abrangueu unha medida de 189 m<sup>2</sup>.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **Primeiro. Sobre a impugnabilidade do acto.**

Debemos comezar por indicar que a alegación do Concello relativa á falta de esgotamento da vía administrativa por parte da demandante non pode ser acollida porque a propia administración lle recoñeceu esa situación ao resolver sobre o fondo o recurso de reposición, de forma que só por ese feito



debe ter a recorrida tal consideración de acto de finalización para estes efectos, que agora por congruencia e tutela xudicial efectiva cabe recoñecer como presuposto deste procedemento, polo que a alegación debe ser rexeitada.



ADMINISTRACIÓN  
DE JUSTIZIA

**Segundo-. Sobre a proba dos feitos en que as partes fundamentan cadansúa pretensión procesual.**

En canto ao fondo, o único motivo de impugnación é a diferenza de superficie que as partes afirman arredor da parcela nº 338.

A administración fai valer o RD 3288/1978, de xestión urbanística, cuxo art. 103.3. fai prevalecer, en caso de discordancia en expedientes de reparcelación entre os títulos e a realidade física, esta fronte os primeiros.

Tal como indicamos na STSXG nº 1268/2014, de 15 de outubro, nun asunto esencialmente idéntico ao presente en canto ao material probatorio relacionado coa presunción que establece o RD:

*Segundo.- As razóns expostas na sentenza do recurso 7207/12 , ditada coa mesma data desta, son perfectamente aplicables a este outro para a desestimación da pretensión que se solicita.*

*No seu fundamento segundo, xa se incorporaban os argumentos expostos noutras sentenzas no sentido de que ".- En canto a esta cuestión, xa a Sala resolveu numerosos recursos formulados por moitos outros afectados sobre a base, exposta xa, como exemplo, na sentenza do recurso 7199/12 , de que "".- Procede recoñecer, de entrada, que esta mesma cuestión da cabida oficialmente marcada das leiras expropiadas para este proxecto, xa se expuxo con anterioridade, nuns termos moi parecidos, nos recursos 7692/12 e 7529-12 acerca das leiras números NUM001 e NUM002 do expediente, nos que xa se comprobou-con estimación parcial das pretensións alí exercitadas polos propietarios afectados- que houbera certa inseguridade e confusión nas operacións de medición do proxecto, pois se introduciron pola Administración cambios á baixa nas superficies de varias delas, con fundamento en que, despois dunha nova e meticulosa medición dos espazos afectados en discusión, a extensión superficial que realmente resultara era a que se impuxo ao final na aprobación do proxecto, con independencia da que puidese resultar dos respectivos títulos adquisitivos, arquivos oficiais, ou de calquera outro elemento de xuízo en que se puidese manifestar polo particular calquera discordancia ou reserva."*

*Engadíase tamén que "As formulacións deste novo caso-diciáse tamén a sentenza primeiramente citada-non son os*



ADMINISTRACIÓN  
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN  
DE JUSTICIA

Concretamente definidos neses recursos anteriores, aínda que se manifestan nuns termos moi parecidos" e que , con relación á leira dese recurso, a discordancia entre o expropiado e a Administración manifestábase no feito de que, a pesar de que a primeira lle había asignado a esa outra leira unha extensión de 818,40 m<sup>2</sup> , a afectada sostíña que era, realmente, e segundo resultaba do seu título de adquisición, a de 1448 m<sup>2</sup>, **pretensión que acabou séndolle estimada porque presentara un completo informe pericial verdadeira e claramente demostrativo da superficie pretendida**, a pesar de que, como tamén se dicía ".- É certo, como punto de partida, que a resolución administrativa impugnada goza, en principio da presunción de acerto- como opón a Administración-que lle confire o art. 103.2 do Regulamento de Xestión Urbanística do 25 de agosto de 1978 , ao establecerse neste que, en caso de discrepancia entre os títulos e a realidade física das leiras, prevalecerá esta sobre aqueles en os expedientes de reparcelamento, pero **tal norma establece só unha presunción "iuris tantum" que admite proba en contrario por parte do afectado, que se, neste caso, e á vista dos elementos de proba que introduciu no recurso xurisdiccional, demostrou o erróneo da medición oficial da leira de que se trata polas razóns que pasamos a expoñer.**", xa que, como tamén se dicía "hai que concluír que- como xa se dixo no outro recurso- a forza probatoria de todos estes elementos non pode decaer ante o argumento da Administración de que as leiras que formaban parte do proxecto identificáronse tamén mediante a pericia levada a cabo pola empresa "Cubas Topografía S.L.", porque esta está referida de maneira xeral ao conxunto do proxecto e as medidas resultantes das diversas leiras, sen mención concreta algunha en canto aos datos de identificación da leira de autos, cando o lóxico e esixible fose que a Administración , á vista da proposta tan razoable e específica en canto aos datos para identificar a leira proporcionados polo perito de parte, discutiunos e contradito mediante a achega dos que dispuxese o seu, para que, co seu debido contraste e comprobación, facer decaer o resultado da pericia primeiramente citada""

No caso de autos, a demandante non practica a máis mínima proba que permita constatar o erro de medición da administración, polo que tendo como único referente a cabida establecida no título de propiedade, que é precisamente o elemento que o RD emprega de contraste para facelo decaer fronte ás comprobacións da administración, debe manterse a presunción de certeza da administración no que a medición da parcela se refire, polo que o recurso debe ser rexeitado.

**Terceiro. Consecuencias da aplicación do razoamento exposto nesta resolución.**



A argumentación exposta na fundamentación precedente debe conducir ao rexeitamento total das pretensións da parte demandante, e proceder así este tribunal a declarar a conformidade a dereito da resolución obxecto de recurso (artigos 68.1.b e 70.1. LXCA).



ADMINISTRACIÓN  
DE JUSTIZIA

#### **Cuarto. Sobre as custas do procedemento.**

De conformidade co establecido no artigo 139.1 da LXCA, o rexeitamento das pretensións do recurso determina a imposición as custas devindicadas á parte demandante. Establécese asemade unha **limitación** da contía de 400 euros por todos os conceptos, en atención á materia obxecto do recurso así como o esforzo probatorio realizado polas partes.

Logo de ver os artigos citados e demais de xeral e pertinente aplicación, este Tribunal dita a seguinte

#### **DECISIÓN**

Que, con **rexeitamento** do presente recurso contencioso-administrativo PO n° 7220/2012 interposto contra a resolución da Consellería de Medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia de data 7/2/2012, que rexeita en reposición o recurso presentado contra a resolución de data 16/7/2010, aprobatoria da expropiación forzosa de bens e dereitos en relación á parcela n° XXX, para a execución do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Novo Hospital de Vigo, con Expediente n° 139/11, debemos:

**Primeiro:** declarar a conformidade a dereito da resolución obxecto de recurso que, en consecuencia, confirmamos.

**Segundo:** Impoñer as custas deste procedemento á parte demandante.

**Réxime de recursos:** Contra esta resolución poderá impoñerse recurso de casación para a unificación da doutrina, nas condicións e prazos expostos no art. 96 e ss LXCA. Así mesmo poderá interpoñer contra ela calquera outro recurso que considere axeitado á defensa dos seus intereses.

**Depósito para recorrer:** Para admitir a trámite o recurso, ao interpoñer deberá constituírse na conta de depósito e consignacións deste Tribunal (1578-0000-85-7220-12-24), o



de depósito ao que se refire a Disposición Adicional décimo quinta da Lei Orgánica 1/2009 do 3 de novembro (BOE núm. 266 de 4/11/09), e, no seu momento, devólvese o expediente administrativo á súa procedencia, con certificación desta resolución.



ASÍ lo pronunciamos, mandamos e asinamos.

Concorda ben e fielmente co seu orixinal ao que me remito e, para que así conste, e para a súa unión aos autos redacto e asino a presente certificación.

En A Coruña, a 13 de xullo de 2016

**O/A LETRADO/A DA ADMINISTRACION DE XUSTIZA  
ENRIQUETA ROEL PENAS**

